

## A piscina municipal de Touro abre as súas portas con medidas especiais para control do aforo pola Covid-19

A piscina municipal de Touro, abriu o 1 de xullo as súas portas para a campaña de verán. Unha campaña que estará marcada polas medidas preventivas que o Concello de Touro vai tomar para o control do aforo e a protección dos usuarios e usuarias fronte á Covid-19.

A entrada seguirá sendo gratuíta, tendo preferencia a xente empadroada en Touro (comprobación mediante DNI).

O aforo máximo é do 75% e o acceso será por orde de chegada. O aforo será controlado por un socorrista mediante ticket. Unha vez completado o aforo o usuario non poderá acceder a instalación ata que saían outros usuarios.

Será obrigatorio o uso de máscara sempre e cando non se poida garantir a distancia mínima de seguridade de 1,5 metros. Ademais a zona de céspede estará limitada por parcelas.

Os vestiarios e duchas estarán pechados, só se poderá acceder aos aseos.

Obrigatorio lavarse as mans con xeles hidroalcohólicos a entrada do recinto.

Deposite os residuos xerados durante a súa estancia na piscina nunha bolsa pechada nos contedores situados na mesma.

Non comparta obxectos como útiles de xogo con outras unidades de convivencia que estean na piscina.

Siga con rigor as normas de uso establecidas para o uso das piscinas e os servizos existentes na mesma.



**Concello de Touro**